CONCURSO FOTOGRÁFICO “ A ESCOLA QUE QUEREMOS”

O tema do concurso é a vida escolar en todas as súas facetas: as clases, o estudo, as actividades culturais e deportivas, as viaxes de estudos ou as estadías noutros institutos por mobilidade tanto nacional coma internacional.

Deste xeito queremos celebrar o día internacional polos dereitos da Infancia(20 de Novembro).

PARTICIPANTES, CONDICIÓNS E PRAZOS DE PARTICIPACIÓN

- Poderá concursar todo o alumnado que no presente curso académico 2020/21 estea matriculado neste centro.
- Cada participante poderá presentar ata un máximo de 3 fotografías feitas cun teléfono móbil. O traballo fotográfico deberá ser orixinal, inédito e non premiado en ningún concurso nacional ou internacional l.
- As imaxes presentaranse en formato .jpg, cunha resolución recomendada de 2048 x 1360 píxeles e orientación horizontal. Non se aceptarán fotomontaxes feitos a partires de varias imaxes.
- Será condición indispensable para que aquelas fotografías nas que apareza algunha persoa identificable(a modo de exemplo, un selfie), poidan participar no concurso, que estas veñan acompañadas da autorización de dereitos de imaxe correspondente , quedando polo tanto fora de competición aquelas fotografías que incumpran o dito requisito
- Non serán aceptadas aquelas imaxes, que poidan inducir a comportamentos perigosos, insultantes, difamatorios, racistas, violentos, xenófobos, publicitarios ou ilegais.
- Cada unha das imaxes dun concursante estarán identificadas cun mesmo lema e un número correlativo do 1 ao 3 (Lema-1, Lema-2…)
- Os arquivos coas imaxes serán remitidos por correo electrónico a concurso.fotografia@ieseduardopondal.org co asunto **“Concurso de fotografía”.**
- No corpo do correo electrónico faranse constar os datos da/do concursante: nome e apelidos, o lema identificativo, DNI e curso no los que está matriculado.
- **O prazo de entrega rematará o día 18 de novembro de 2020.**

PREMIOS E COMPOSICIÓN DO XURADO

Outorgaranse 3 premios:

1º premio: Impresora fotográfica portátil HP Sprocket

2º premio: Cámara deportiva National Geographic Explorer 2 Full HD Wi-Fi Set con función webcam

3º premio: Funda universal T'NB Umbike4 para Smartphones hasta 6,5" con soporte para manillar

- Un xurado formado por tres profesoras/es do IES e dous integrantes do Grupo Solidario emitirá o fallo do concurso, que será inapelable.
- Posteriormente será organizada unha exposición cunha selección dos traballos participantes no Espazo que determine a Asociación. Comunicarase as/ós autoras/es previamente, para o seu coñecemento.
- O IES reservase o dereito de usar as fotografías presentadas ao concurso con fins académicos ou de difusión do centro e os seus estudos, facendo constar en todo caso a autoría das mesmas.
- A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases. O incumprimento dalgunha delas levará á descualificación da/o concursante.

Os resultados dos premios serán dados a coñecer o VENRES, día 20, e publicados na páxina DO CENTRO. Tendo lugar a entrega dos ditos premios o mesmo día, co gallo da celebración do "Día internacional polos dereitos da infancia", motivo final da celebración deste concurso de fotografía.

GRUPO SOLIDARIO